

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

8564 *Real decreto 629/2013, do 2 de agosto, polo que se regula a pesca do coral vermello, a súa primeira venda e o procedemento de autorización para a obtención de licenzas para a súa pesca.*

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, regula no seu título I a pesca marítima en augas exteriores e establece os requisitos e condicións para o seu exercicio.

Así mesmo, as normas nacionais de aplicación para o exercicio da pesca do coral vermello encóntranse establecidas no Real decreto 1415/2005, do 25 de novembro, polo que se regula a pesca de coral vermello e a súa primeira venda, ben como pola Orde APA/1592/2006, do 18 de maio, pola que se regula o procedemento de autorización para o exercicio da actividade da pesca do coral vermello.

O tempo transcorrido desde a entrada en vigor do real decreto e a orde mencionados puxo de manifesto a necesidade de introducir novos requisitos tanto para o exercicio da pesca e venda do coral vermello como respecto do procedemento de autorización para a súa extracción e venda, co obxecto de levar a cabo unha xestión máis eficaz desta pesca e que a un tempo resulte máis acorde coas recomendacións, de cumprimento obrigatorio, adoptadas no ámbito da Comisión Xeral de Pesca do Mediterráneo, (no sucesivo CXPM), establecida en virtude do Convenio suscrito en Roma o 24 de setembro de 1949 e aprobado pola Conferencia da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) no seu quinto período de sesións en 1963, en función das recomendacións do seu Comité Asesor Científico, encamiñadas á consecución dunha explotación sustentable desta especie e baseadas nun coñecemento preciso do esforzo pesqueiro, co fin último de promover o desenvolvemento, a conservación, a explotación racional e a mellor utilización posible dos recursos mariños vivos; someter a exame os aspectos económicos e sociais da industria pesqueira e recomendar a adopción de medidas para o seu desenvolvemento; estimular, recomendar e, cando proceda, realizar actividades de capacitación, extensión, investigación e desenvolvemento en todos os aspectos da pesca, incluída a protección dos recursos mariños vivos.

Neste senso, na sesión anual do ano 2011 desta organización foi adoptada a Recomendación CXPM/35/2011/2, sobre explotación de coral vermello na Área CXPM, onde se establece por primeira vez un marco de xestión harmonizado no Mediterráneo e Mar Negro, seguida da adopción na sesión anual do ano 2012 da Recomendación CXPM/36/2012/1, sobre medidas adicionais relativas á explotación de coral vermello na Área CXPM, onde se establece un tamaño mínimo de captura, un límite máximo de tolerancia ou unha lista de portos designados para o desembarque do coral vermello.

Así mesmo, na mencionada Recomendación CXPM/35/2011/2 establécense unhas medidas xerais de xestión e determinadas exencións, como a posibilidade de non aplicar a norma xeral que prohibe a pesca de coral a profundidades inferiores a 50 metros condicionada a que exista un adecuado plan de xestión que someta a un sistema de autorizacións a extracción do coral vermello e estableza un sistema de medidas apropiadas de xestión espacio-temporal do recurso que limite o número de bancos en explotación; a esta exención acóllese España, ao considerar que a nosa lexislación regula un marco adecuado de xestión desta pesca que se axusta ás exixencias da recomendación de referencia mediante a aprobación deste real decreto, que perfecciona o plan de xestión xa existente no citado Real decreto 1415/2005, do 25 de novembro, que é derogado por esta nova regulación normativa.

Por outra parte, respecto da obrigatoriedade de establecer unha lista de portos designados para o desembarque de coral vermello, establecida pola Recomendación CXPM/36/2012/1, dáse igualmente cumprimento a esta exigencia mediante o establecemento do correspondente sistema de desembarque que se levará a efecto nas lonxas ou lugares autorizados para isto, regulado no articulado deste real decreto.

Así mesmo, mediante a presente norma fai España uso da excepción –marxe de tolerancia do 10% sobre as capturas– que autoriza o número 2 da citada Recomendación CXPM/36/2012/1, pois tanto este real decreto como o seu predecesor contan cun sistema de licenzas e programas de control, requisitos aos cales a citada recomendación condiciona a legalidade da mencionada marxe do 10% de tolerancia respecto das capturas de coral en bruto e coral neto, conceptos que se proceden a definir nesta norma.

Neste marco internacional de regulación da pesca do coral vermello, segundo se establece igualmente na Recomendación CXPM/35/2011/2, os coñecementos científicos e técnicos adquiridos mediante o desenvolvemento destas medidas teranse en conta para o establecemento dun futuro plan rexional adaptativo de xestión.

Pola súa parte, resulta de aplicación respecto da regulación das autorizacións de referencia o Regulamento (CE) n.º 700/2006 do Consello, do 25 de abril de 2006, que derroga o Regulamento (CE) n.º 3690/93, que establece un réxime comunitario que determina as normas relativas á información mínima que deberán conter as licenzas de pesca.

En consecuencia, neste real decreto establécese unha nova normativa tendente á consecución dos obxectivos mencionados, tales como a redución do peso total anual das capturas, o establecemento dun tamaño mínimo, da porcentaxe de tolerancia admitida e un novo libro de rexistro para a pesca do coral vermello. Todas estas cuestións configúranse como un elemento esencial para unha mellor xestión, seguimento e control da actividade, e para que se faga máis compatible coa sustentabilidade do ambiente mariño e permita cumprir coas obrigacións emanadas da CXPM.

A isto engádense novidades como a ampliación da duración da vixencia das autorizacións, o acceso ás prazas vacantes e a posibilidade da realización de permutas de autorizacións entre pescadores.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas do litoral, o sector da pesca de coral vermello e someteuse a informe do Instituto Español de Oceanografía.

Este real decreto dítase ao abeiro da facultade conferida ao Goberno pola disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de agosto de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto regular o exercicio da pesca do coral vermello (*Corallium rubrum*) en augas baixo soberanía ou xurisdición española, excepto nas augas interiores, así como o procedemento de autorización para a obtención das correspondentes licenzas para a súa pesca. Todo isto é sen prexuízo da prohibición da actividade nas zonas de protección pesqueira a que se refiren a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado; a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade de España, e a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

Artigo 2. *Definicións, peso e tamaño das capturas.*

1. Para os efectos deste real decreto, entenderase por «coral vermello en bruto» o extraído do mar con todas as súas adherencias, entre as cales destacan os pólipos que o produciron, e por «coral vermello neto» o resultado do proceso de limpeza do coral en bruto liberado de todas as súas adherencias.

2. A cota máxima de extracción de coral vermello por ano e pescador establécese en 300 quilogramos de coral en bruto, incluíndo o cómputo das extraccións autorizadas polas comunidades autónomas en augas interiores, aceptándose unha tolerancia do 10 por cento entre o coral en bruto e o coral neto.

3. Non se poderá capturar, reter a bordo, transbordar, desembarcar, transferir, almacenar e vender coral vermello en bruto cuxo diámetro basal sexa menor de 7 mm no tronco, medido a un centímetro da base da colonia, admitíndose unha tolerancia do 10 por cento do peso de coral en vivo, respecto do tamaño regulamentario mencionado.

Artigo 3. *Normas técnicas.*

A extracción de coral vermello estará suxeita ás seguintes normas técnicas:

a) Só se poderá realizar á man, utilizando unicamente piquetas e cortando pola base do eixe central. Usaranse exclusivamente equipamentos de escafandrismo autónomo e semiautónomo.

b) Unicamente se poderá realizar unha operación de extracción por día, polo que se se operou en augas interiores non poderá realizarse outra extracción.

c) A actividade realizarase exclusivamente no período de tempo comprendido entre o orto e o ocaso de sol.

d) O mergullador autorizado deberá cumprir con todos os preceptos establecidos pola normativa en vigor en materia de seguranza no mergullo.

Artigo 4. *Prohibicións.*

No exercicio da extracción e venda de coral vermello prohibese expresamente:

a) A extracción, tenza, o transporte, e a exposición e venda das ramas de coral de tamaño inferior ao regulamentario.

b) A extracción de coral desde embarcacións de superficie ou artefactos submarinos.

c) A captura de calquera outro organismo vivo na inmersión que non sexa coral vermello.

Artigo 5. *Autorizacións e requisitos.*

1. O ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Secretaría Xeral de Pesca, outorgará as autorizacións para a extracción e venda do coral vermello.

2. O número de autorizacións por zona de pesca do coral vermello é o que se establece no anexo I.

3. As autorizacións que se concedan terán unha vixencia de dous anos. Un pescador só pode ser titular dunha autorización por zona, e esta é de carácter persoal e intransferible.

4. Cada pescador poderá ser titular de dúas autorizacións como máximo das zonas solicitadas.

5. O titular da autorización deberá levala a bordo da embarcación auxiliar.

6. Non se outorgarán autorizacións aos solicitantes que fosen sancionados no exercicio desta actividade por unha resolución firme de calquera administración pública nos 24 meses anteriores á data da presentación da solicitude.

7. Os interesados en obter a autorización para a extracción e venda do coral vermello deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título oficial de mergullador profesional que habilite para descender ás profundidades a que se pretende extraer o coral.
- b) Dispor dunha embarcación auxiliar que deberá estar dada de alta na lista 4.^a do Rexistro de Buques e das Empresas Marítimas e no Censo da frota pesqueira operativa, e cumprir a normativa do Código internacional de sinais e a Orde do Ministerio de Fomento do 14 de outubro de 1997, que aproba as normas de seguranza nas actividades subacuáticas, e os requisitos establecidos nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.
- c) En caso de ter obtido autorización no ano anterior á solicitude de autorización, será necesaria a presentación dos datos correspondentes ao libro de rexistro correspondentes á dita campaña antes de proceder á presentación de solicitudes prevista no artigo 6.

Esta documentación será dirixida ao secretario xeral de Pesca e será presentada no Rexistro do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou mediante a súa presentación electrónica conforme se establece na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Non será necesaria a presentación da mencionada documentación no caso de que fose presentada anteriormente ante o citado departamento.

Artigo 6. *Solicitudes.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente publicará bianalmente no «Boletín Oficial del Estado» a correspondente convocatoria do procedemento de autorización para a extracción e venda do coral vermello.
2. As solicitudes presentaranse no prazo máximo dun mes, contado desde o día que produza efecto a correspondente convocatoria.
3. As solicitudes serán dirixidas ao secretario xeral de Pesca e poderán ser presentadas no Rexistro do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou mediante a súa presentación electrónica conforme se establece na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
4. As solicitudes realizaranse segundo o modelo que figura no anexo II, e deberán ir acompañadas da documentación que se sinala no artigo 7.
5. Poderanse solicitar autorizacións para a pesca do coral vermello nas zonas establecidas no anexo I, indicando a orde de preferencia, de acordo co que se establece no anexo II.

Artigo 7. *Documentación.*

1. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación, que se presentará, ao menos, na lingua española oficial do Estado:

- a) Fotocopia compulsada do título de mergullador profesional que habilite para descender ás profundidades a que se pretende extraer o coral, expedido, recoñecido ou homologado pola comunidade autónoma, e que debe estar en vigor.
- b) Fotocopia compulsada do caderno de actividades subacuáticas ou equivalente (tamén chamado «diario de mergullo profesional») expedido pola comunidade autónoma, debidamente actualizado, que debe acreditar:

- 1.º Titulacións, especialidades e cursos que posúa o titular.
- 2.º Aptitude do titular para a realización de inmersións subacuáticas correspondentes á súa titulación, e a súa condición médica, para o cal debe constar o último recoñecemento médico anual do titular para exercer o mergullo profesional, en vigor e emitido por un organismo oficial (Instituto Social da Mariña).

c) Fotocopia compulsada do caderno de inscrición marítima onde figuren os embarques e desembarques do titular.

d) Fotocopia compulsada do rol da embarcación que se pretende utilizar, onde consten as características desta e os despachos efectuados, presentando a «lista de tripulantes», na cal debe figurar como «persoal a bordo» o solicitante de autorización.

e) Fotocopia compulsada do certificado médico de aptitude para embarque, expedido polo Instituto Social da Mariña, que debe estar en vigor.

f) Documentación que acredite os anos no exercicio autorizado da profesión de pesca de coral vermello, se for o caso.

2. Se a documentación presentada non reunir os requisitos exixidos, requirirase o responsable para que, no prazo de 10 días hábiles desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou entregue os documentos preceptivos, con advertencia de que se non o fixer se terá por desistido da solicitude, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 8. *Criterios de valoración e alcance da autorización.*

1. As autorizacións concederanse atendendo ao criterio exclusivo de antigüidade demostrada no exercicio da actividade autorizada, segundo o seguinte baremo:

- a) Cada ano de exercicio da actividade autorizada: 5 puntos, até un máximo de 40 puntos.
- b) No suposto de producírense empates, efectuarase un sorteo entre os aspirantes que obtivesen igual puntuación. O acto do sorteo será público e celebrarase na sede da Secretaría Xeral de Pesca.

2. As autorizacións entenderanse concedidas sen prexuízo da súa obrigatoria adaptación á legalidade internacional no suposto de que esta varíe antes da expiración do seu prazo temporal como consecuencia de novas recomendacións ou outras obrigacións internacionais de regulación da sustentabilidade do recurso vinculantes para España.

Artigo 9. *Instrución do procedemento.*

O órgano competente para a instrución do procedemento para a concesión de autorizacións será a Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura, que elaborará unha proposta de resolución en que figure a lista dos posibles titulares das autorizacións, en cada unha das zonas de pesca, así como os excluídos, resultante da comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos, da aplicación do baremo descrito no artigo anterior no seu número primeiro e, se for o caso, do sorteo celebrado.

A proposta de resolución notificarase aos solicitantes, para que presenten as súas alegacións, en cumprimento do trámite de audiencia previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 10. *Terminación do procedemento de concesión de autorizacións.*

1. O director xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura elevará a proposta de resolución ao secretario xeral de Pesca, quen ditará resolución motivada.

2. O prazo máximo para a resolución do procedemento será de catro meses contados desde a terminación do prazo de presentación de solicitudes.

3. Os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes polo transcurso do prazo máximo para resolver sen que se notificase a resolución, para os efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso previsto no parágrafo seguinte.

4. A resolución do secretario xeral de Pesca non esgota a vía administrativa e contra ela poderá interporse recurso de alzada ante o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, nos termos previstos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 11. *Autorizacións desertas.*

No caso de que no momento de ditar a resolución queden autorizacións desertas nalguna das zonas de pesca, ou estas se produzan por cesamento da actividade dos seus titulares, unha vez xa iniciada a pesca, a Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura poderá abrir novos procedementos de autorización para cubrir esas vacantes, durante o período que reste até a finalización da súa vixencia.

Artigo 12. *Permuta de licenzas.*

Unha vez concluído o procedemento de concesión de autorizacións, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Secretaría Xeral de Pesca, poderá autorizar, a pedimento dos interesados que obtivesen autorización, a permuta das súas licenzas de pesca de coral, sempre que non se prexudiquen terceiros.

Artigo 13. *Libro de rexistro do coral vermello.*

1. Cada mergullador autorizado deberá dispor do libro de rexistro de pesca de coral vermello, segundo o modelo recollido no anexo III, que deberá ser presentado na confraría de pescadores do porto de desembarque xunto co coral extraído. O secretario da confraría certificará o peso do coral extraído e o tamaño das ramas nas correspondentes follas do libro.

2. Durante o transporte e na súa primeira venda o coral deberá estar acompañado do certificado que expida a confraría da folla correspondente do libro de rexistro.

3. Os datos deberaos remitir o pescador ás áreas funcionais do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. No suposto de que o desembarque se faga en día festivo ou a confraría estea fechada, presentaranse no seguinte día hábil.

Artigo 14. *Primeira venda.*

A primeira venda de coral vermello poderá realizarse na lonxa do porto de desembarque ou en calquera outro lugar autorizado para isto. No momento de cada venda, o vendedor e o comprador deberán consignar os datos correspondentes da folla do libro de rexistro de pesca de coral vermello. O vendedor deberá remitir unha copia daquela, nas 48 horas seguintes á venda, ás áreas funcionais do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e ao órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio se producise a venda.

Artigo 15. *Comisión de seguimento.*

1. Queda adscrita á Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a comisión de seguimento para a pesca do coral vermello para os efectos de coordinar a actividade da súa pesca e venda, así como o seguimento do esforzo pesqueiro na dita actividade.

2. A presidencia corresponderá ao secretario xeral de Pesca, e como suplente ao director xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura.

3. Son vogais da comisión:

a) O director xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura e, como suplente, o subdirector xeral de Caladoiro Nacional, Augas Comunitarias e Acuicultura.

b) Un representante de cada comunidade autónoma que dispoña de bancos de coral en augas interiores ou exteriores situadas fronte ao seu litoral e que desexe incorporarse a ela.

4. Actuará como secretario e membro da comisión un funcionario da citada Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura de cando menos nivel 28, designado polo secretario xeral de Pesca, que actuará con voz e voto.

5. A comisión rexerase polo establecido en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Así mesmo, a comisión poderá aprobar as normas de réxime interno que considere procedentes para o seu funcionamento.

6. A creación e funcionamento da comisión non suporá incremento do gasto público e o seu funcionamento será atendido cos recursos humanos e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Artigo 16. *Infraccións.*

As infraccións do disposto neste real decreto serán sancionadas, de conformidade co establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Artigo 17. *Comunicación de datos.*

1. Para os efectos do cumprimento da normativa comunitaria e das obrigacións derivadas para España dos convenios, acordos ou tratados internacionais sobre protección e conservación do coral vermello, os órganos competentes das comunidades autónomas deberán remitir semestralmente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente os datos sobre peso e tamaño do coral capturado nas súas augas interiores.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Secretaría Xeral de Pesca, poderá solicitar datos complementarios cando así o exixa o cumprimento das obrigacións a que se refire o número anterior.

Disposición adicional primeira. *Mostras e comunicación de novos bancos de coral.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá pedir aos mergulladores a cesión de mostras do coral vermello extraído co obxecto de analizar a súa bioloxía ou o estado do recurso.

2. Cando no exercicio da actividade de pesca de coral se descubran novos bancos de coral, deberán comunicarse á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura, así como calquera irregularidade que observe en relación coa actividade extractiva e co estado de conservación do recurso.

Disposición adicional segunda. *Períodos de veda.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, co obxecto de protexer e conservar as colonias de coral vermello, poderá establecer zonas ou períodos de veda en que se limite ou se prohíba o exercicio desta actividade nos termos previstos na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

En todo caso, os pescadores autorizados para a captura de coral vermello deberán respectar en augas exteriores as vedas decretadas polas comunidades autónomas respectivas nas súas augas interiores.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1415/2005, do 25 de novembro, polo que se regula a pesca de coral vermello e a súa primeira venda, e a Orde APA/1592/2006, do 18 de maio de 2006, pola que se regula o procedemento de autorización para o exercicio da actividade da pesca do coral vermello.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima, excepto o artigo 14, que constitúe normativa básica de ordenación do sector pesqueiro.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito das súas competencias, para o desenvolvemento e aplicación de real decreto e, en particular, para establecer tamaño, peso e volume total das capturas de coral vermello anuais; o número de autorizacións por zona de pesca do coral vermello sinalado no seu anexo I, así como o procedemento de autorizacións e a modificación dos seus anexos II e III, en atención ao estado do recurso ou de conformidade co establecido na normativa comunitaria e nos convenios, acordos e tratados internacionais de que a Unión Europea ou España sexan parte.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de agosto de 2013.

JUAN CARLOS R.


O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I

Delimitación de zonas en que se permite a pesca de coral vermello en augas exteriores e número máximo de autorizacións

Zona	Delimitación	Número máximo de autorizacións
1. Cataluña.	Augas situadas fronte ao litoral da provincia de Girona, desde a liña E/W de Arenys de Mar até a fronteira francesa.	12
2. Illes Balears. Mallorca.	Augas da canle de Mallorca-Menorca.	10
3. Illes Balears. Menorca.	Augas do Norte de Menorca comprendidas entre a punta Natí e a punta de S'Esperó.	10
4. Almería.	Augas situadas fronte ao litoral da provincia de Almería.	5
5. Rexión sur-atlántica.	Augas da rexión sur-atlántica, comprendidas desde a fronteira con Portugal até punta Tarifa.	10

ANEXO II

 <p>MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE SECRETARÍA XERAL DE PESCA</p>	<p>SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN</p> <p>PESCA DE CORAL VERMELLO EN AUGAS EXTERIORES</p>
--	--

ANO.....

Don con DNI / NIE/ Pasaporte
con domicilio en.....
teléfono..... e correo electrónico e/ou fax
solicita autorización de pesca de coral vermello en augas exteriores nas seguintes zonas, sinaladas numericamente na casa por orde de preferencia:

- Zona 1. CATALUÑA Zona 2. ILLES BALEARS / MALLORCA
 Zona 3. ILLES BALEARS/ MENORCA Zona 4. ALMERÍA Zona 5. REXIÓN SUR-ATLÁNTICA

para o cal presenta os documentos seguintes:

1. Fotocopia compulsada do título de mergullador profesional que habilite para descender ás profundidades a que se pretende extraer o coral, expedido, recoñecido ou homologado pola comunidade autónoma, e que debe estar en vigor.
2. Fotocopia compulsada do caderno de actividades subacuáticas ou equivalente (tamén chamado “diario de mergullo profesional”) expedido pola comunidade autónoma, debidamente actualizado, que debe acreditar:
- Titulacións, especialidades e cursos que posúa o titular.
 - Aptitude do titular para a realización de inmersións subacuáticas correspondentes á súa titulación, e a súa condición médica, para o cal debe constar o último recoñecemento médico anual do titular para exercer o mergullo profesional, en vigor e emitido por un organismo oficial (Instituto Social da Mariña).
3. Fotocopia compulsada do caderno de inscrición marítima onde figuren os embarques e desembarques do titular.
4. Fotocopia compulsada do rol da embarcación que se pretende utilizar onde consten as características desta e os despachos efectuados, acompañada da lista de tripulantes, na cal debe figurar como “persoal a bordo” o solicitante de autorización.
5. Fotocopia compulsada do certificado médico de aptitude para embarque, expedido polo Instituto Social da Mariña, que debe estar en vigor.
6. Documentación que acredite os anos no exercicio autorizado da profesión de pesca de coral, se é o caso.

En, de 2.....

O solicitante,

Director xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura, Secretaría Xeral de Pesca, Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

ANEXO III

 MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE SECRETARÍA XERAL DE PESCA	LIBRO DE REXISTRO DE PESCA DE CORAL
--	--

LIBRO Nº:
Nº de páxina:**1. EXTRACCIÓN DE CORAL**

NOME DO PESCADOR DE CORAL:

Nº de DNI ou NIE (ou, na falta do NIE, número de pasaporte):

ZONA AUTORIZADA:

ANO: PERÍODO DA CAMPAÑA:

DATA	LUGAR DE EXTRACCIÓN	PROFUNDIDADE (metros)	PESO CORAL EXTRAÍDO (kg)	DIÁMETRO (mm)	SINATURA DO PESCADOR	SINATURA DO SECRETARIO DA CONFRARÍA

O SECRETARIO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE
CERTIFICA QUE OS DATOS REFERENTES AO PESO NETO DE CORAL E AO DIÁMETRO DAS
RAMAS QUE FIGURAN NESTA FOLLA FORON COMPROBADOS E SON CERTOS.

Lugar e data,

SINATURA DO SECRETARIO E SELO DA CONFRARÍA DE PESCADORES



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
E MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL DE PESCA

LIBRO DE REGISTRO DE PESCA DE CORAL

LIBRO Nº:
Nº de páxina:

2. VENDA DE CORAL

NOME DO PESCADOR DE CORAL:

Nº de DNI ou NIE (ou, na falta de NIE, número de pasaporte):

NOME DO COMPRADOR DE CORAL:

Nº de DNI ou NIE (ou, na falta do NIE, número de pasaporte):

ZONA/S AUTORIZADA/S:

ANO:

REMANENTE INICIAL DE CORAL (kg)

ANO	MES	DÍA	KG/CORAL VENDIDO	KG/CORAL REMANENTE	SINATURA DO PESCADOR	SINATURA DO COMPRADOR

Lugar e data,

SINATURA DO PESCADOR DE CORAL